REVISTA MENSUAL DE CRENTES GALEGOS

IRMIÁ

Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVIII • Nº 1003 - De abril a maio de 2019

28A

Un voto sen medo e contra o medo



A foto que fala

A memoria esquecida. O xornalista Carlos Hernández documenta 296 campos de concentración franquistas, cen máis dos que se tiñan rexistrado.

O trasno Xureliños na *amorfera*

Daniel López Muñoz

A atmosfera é a capa de aire na que, sen nos decatar, vivimos, camiñamos, creamos e nos reproducimos. Digo sen nos decatar porque o aire é como a saúde, que se nota só cando falta.

A *amorfera* aínda é menos evidente, porque no fondo –e algúns mesmo na forma– somos como aqueles xureliños do mar do Son que, dálle que dálle, mi madriña, vaia leria, morreron coa teima de que querían ver o mar. Como vivían nel, non o daban visto. Normal.

Vivimos na *amorfera*, nadamos na *amorfera*. Un mar de amor, de amoriños entre o millo, de coidados, de chagas curadas, de bicos e de entregas. Tamén de redes solidarias, de institucións que coidan, de logros históricos. Somos fillas do amor. Estamos rodeados. Pero como andamos medio axurelados, non o vemos.

A *amorfera* revélasenos ás veces, como por ensalmo. Pasa como con iso que os que estudan as relixións chaman "hierofanías". Vas pola Curota, bates con ese penedo imponente, nesa luz de serán, esa brisa morna.... e tes unha revelación que nin diola. E non me estraña.

No tanatorio do Son, na despedida de Xiana, 25 aniños rebeldes e vitais, a filla de Xosé Lois Vilar e Marta Sopeña –irimegos, entre outras moitas cousas– tivemos unha hierofanía colectiva. E ecuménica. E tamén laica. E tanto amor había que integraba e apertaba a todos, a crentes e agnósticos, a musulmáns e cristiáns, a profesoras e mariñeiros.

Dicíanos Marta o día despois que era estupendo convocar tanta xente boa e xenerosa, participando emocionados e conmocionadas na celebración; que hai que facer por xuntar a quen, mal que ben, constrúe a paz, é perseguida por causa da xustiza, é mansa e non xenófoba, prefire o reparto e non a iniquidade, goza coa diversidade, visita o encarcerado, viste o espido, coida o fráxil ou procura comida, teito e dignidade para todas e todas. Existen: nútrense da *amorfera* e enriquécena para os demais.

E ese foi o milagre de Xiana. Vernos alí e termos unha revelación: vivimos, nadamos, existimos na *amorfera.* O amor en acción fainos posibles. É algo sagrado. A ese mar, uns chámano Misterio, ou Enerxía, ou Fundamento, ou Deus, ou Vida... ten mil nomes.

É a auga mansa e brava na que nadamos xuntos, con Xiana e a súa familia aberta, servicial e menciñeira, e con tantos xureliños solidarios que non saben que xa estamos vivindo no mar e que grazas ao mar, vivimos.

Editorial Un voto por obrigación moral

Non falamos de *moralina*. Falamos da necesidade ética de vencer o desencanto. Porque o momento así o esixe. Porque nos xogamos algo máis grande ca a nosa frustración ou desilusión persoal.

Certamente, visto desde Galicia, mirando cara ás forzas e organizacións que se supón que apostan por que esta nacionalidade histórica sobreviva como país, cun enfoque de progreso social e de igualdade..., desde ese punto de vista, quizais nunca antes nunhas eleccións xerais houbo tanta desmotivación. E tradúcese nunha tentación de quedar na casa, como sinal de anoxo, de profunda decepción.

E non só pola experiencia destes anos, nos que non fomos quen de escoitar un discurso propio e distinto, coa suficiente elocuencia, frescura e preparación, que situase a Galicia no debate das Cortes Xerais, de maneira convincente, firme, crible. Tamén porque, finalmente, a axenda dos partidos estatais –lexítima, por suposto – foise impoñendo, como era previsible, nas chamadas confluencias, especialmente a medida en que se achegaba o momento de novas eleccións e había que asegurar posición de saída nas listas. As confluencias deixaron de confluír e, para a "xente do común", os "relatos" diverxentes resultaron incomprensibles e mareantes. Ninguén, fóra dos reducidos círculos de informados, entende nada, mentres o país perde peso político, músculo demográfico e futuro de seu.

Xogámonos algo máis grande ca a nosa posible desilusión persoal

E motivos hai: U-las propostas concretas e consistentes desde Galicia sobre ener-



xía, vivenda, envellecemento, trasporte público interior, exclusión territorial..., sobre a xestión en positivo desa riqueza que é a diversidade linguística e o uso normalizado do galego... ou sobre os problemas específicos dos nosos sectores produtivos?

O caso é que hai preto de 400 000 votos, que non é pouco, que nos últimos procesos electorais apostaron por organizacións nacionalistas e de esquerda galeguista. Cal é exactamente o número deses votantes que están agora invadidos polo desconcerto e o cabreo, non o sabemos, pero desde logo, no boca a boca, semella que nunca foi tan grande a porción dese electorado tentada a prestar o seu voto a quen sexa, con tal de que sirva para o que se considera causa xusta e mal menor, e que pode servir de elemento para motivar o voto aquí e agora: frear a ultradereita, impedir que os nostálxicos do franquismo condicionen un tripartito estatal de dereitas que varra cos logros –pequenos ou non tan pequenos, pero logros– destes corenta anos de mellorable democracia.

Certamente, é un problema europeo e global e non é o mellor momento para baixar os brazos.

1

3



2

4

A peneira

1

A xente nova encabeza unha rebelión cidadá internacional contra a inoperancia dos gobernos ante o cambio climático: os FRIDAY FORMA FUTURE. O movemento ten a súa orixe en Suecia, da man dunha rapaza de 16 anos, Greta Thunberg, e xa acadou dimensións mundiais. En España está dando os primeiros pasos, consciente da importancia do momento que se está a vivir: catro eleccións en menos dun mes.

2

A Casa-Museo Manuel María, en Outeiro de Rei, convócanos o día 6 de abril á fase final da V edición do *Concurso de* RECITADO POÉTICO *Rosalía sempre viva*. O certame, destinado a todo o alumnado galego de ensino non universitario, ten como obxectivo a potenciación da expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e recitado da obra de Rosalía e Manuel María.

3

A Coordinadora Galega de ONGD vén de presentar un documento con propostas para as eleccións municipais que se celebrarán en maio. O texto, que será presentado aos diferentes partidos ao longo dos dous próximos meses, diríxese fundamentalmente ás sete grandes cidades e ás deputacións galegas, ás que lles realizan nove propostas concretas e das que solicitan "unha política pública, exercida desde o local, coa que defender os dereitos humanos e promover un mundo máis xusto, igualitario e sostible". O documento pode consultarse en: galiciasolidaria.org.

4

Aumenta o descontento coa CRTVG. Ao persoal da compañía, que se viste de negro cada venres, e xa van máis de 45, para denunciar a manipulación informativa do medio, súmase agora a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), que impediu a retransmisión dos premios María Casares, como denuncia á desatención do medio cara ao teatro. En palabras de Mabel Rivera, vicepresidenta da asociación, "a desconsideración da TVG cara ao teatro é absoluta; ou é incultura ou é censura descarada".

5

7

6

8

Redacción

5

O sábado 6 de abril, no Centro Equal de Coles (Ourense) celébrase o 4º Encontro de Economía Alternativa e Solidaria, organizado por REAS Galicia. Desde as once da mañá e ata as seis da tarde haberá tempo para mesas, obradoiros, momentos lúdicos e para coñecer, mediante micropresentacións, as actividades que desenvolven as diferentes organizacións presentes no encontro.

6

A CIG iniciou unha serie de accións de protesta para denunciar a desigualdade en ABANCA, onde, segundo datos do sindicato, unicamente o 29% dos postos de dirección están ocupados por mulleres, fronte ao 71% por homes. As cifras empeoran a medida que se ascende na escala xerárquica, chegando ao 93% de homes no caso das xefaturas de zona. A central sindical quéixase tamén do establecemento de obxectivos abusivos e dunha carga de traballo desproporcionada á xornada laboral, que os obriga a facer horas extras que non son retribuídas.

7

A chairega, e sempre activa, MUIMENTA inaugurou o 23 de marzo o Museo das zocas. Un vello proxecto da asociación Xotramu, a mesma que cada ano a comezos de xuño organiza encontro de xogos tradicionais, que se pode visitar na igrexa vella. Pola súa parte, nas Pontes, o 30 de marzo, abriu tamén as súas portas o Museo Etnográfico Monte Caxado. Dous proxectos diferentes, pero cun obxecto común: a posta en valor do noso patrimonio material.

8

O 7 de abril celebrarase o Día da memoria en honra dos tres MANUELES: Manuel Ponte Pedreira, Manuel Díaz Pan e Manuel Rodríguez "O Asturiano", que morreron pola liberdade e a dignidade. Será en Abellá (Frades), ás doce da mañá. O acto arrancará no cemiterio, onde haberá intervencións e se cantará o himno galego, e trasladarase despois a Fontao, ao lugar no que se produciron as mortes, onde, quen queira participar poderá dicir unhas verbas ou ler un poema na memoria de tantas e tantos. Despois dos actos, haberá un xantar no merendoiro da Berxa.

Amiguiños si… Inestabilidade asegurada

Carlos Vázquez G.



A crise económica do 2008 deuse por rematada co inicio da recuperación e do crecemento. Pero a crise política, social e mesmo institucional ou, se se quere, a inestabilidade, seguiu medrando por mor da resposta neoliberal que se lle deu á crise e polas nefastas secuelas que lle carreou á gran maioría da poboación.

Nun mes celebraranse todas as eleccións, nun contexto de crecemento económico morno —pero crecemento, ao cabo— e nun clima de fastío pola liorta constante e a inestabilidade política. Estas circunstancias poderían significar unha oportunidade de ouro para que, cos comicios de abril e maio, principiase un período de estabilidade, longo abondo para acometer con tempo e sosego os asuntos pendentes e perentorios da democracia española.

Semella que isto non vai suceder; aínda que non se produza un bloqueo, aínda que unha alianza de partidos, das esquerdas ou das dereitas, acade maioría suficiente. E non vai suceder porque a inestabilidade enraíza principalmente no esgotamento da Constitución do 78 e disto non fala nin parece querer falar ninguén. A Constitución serviu para o que serviu outrora, mais non serve para o que debe servir hoxe: para a mellor garantía e expansión das liberdades, dos dereitos, das institucións democráticas e do benestar da cidadanía, para pór ao día o aparato Estado e para a mellor articulación territorial de España.

A inestabilidade política enraíza principalmente no esgotamento da Constitución do 78

A forma efectiva de apoiar a Constitución e, en todo caso, o xenuino constitucionalismo democrático, é abordar en profundidade a súa reforma, cousa da que non queren oír falar os sedicentes «constitucionalistas», que son en realidade *constitucionaleiros*, igual ca tantos cacarexadores patriotas son patrioteiros. Sacralizan a Constitución do 78 porque o sagrado no se toca, sen se decatar, ou si, de que iso significa a súa liquidación máis cedo ca tarde.

Se nestas campañas só se fala de símbolos, touros, patrias, reconquistas; se se substitúen os debates por liortas, as definicións por insultos, as reflexións por ocorrencias e as novas realidades por vetustos mitos, a concentración de eleccións non conseguirá abrir un período de *pax política* que facilite o diálogo para acordos de fondo e perdurábeis.

A reforma constitucional debería ser o eixe central destes comicios e os partidos deberían explicar que reformas pretenden, cal será o seu alcance e con que alianzas van materializalas. Pero, como non vai ser así, a inestabilidade está asegurada. Gañe quen gañe e perda quen perda.

... a vaquiña polo que vale

Silencio administrativo

Pedro Pedrouzo Devesa

Como prestidixitadores que son, os políticos teiman en facernos crer que os avances democráticos dependen deles cando realmente a esencia da democracia non se encontra no Parlamento (sede política), senón que está na Administración (sede administrativa).

A función pública é a que marca os logros democráticos dun país. É o indicador do grao de democracia sanitaria do que gozamos cando necesitamos asistencia. Ou da democracia educativa á que accedemos cando os nosos fillos se forman academicamente cos medios cos que dotamos os centros escolares. E tamén da democracia administrativa cando pedimos unha subvención, cando accedemos a contratos públicos, cando nos matriculamos en procesos selectivos ou realizamos calquera das innumerables actuacións que se tramitan de forma case sempre invisible nas administracións públicas. Aí radica a esencia democrática dun país.

Por iso, cando Sara Mesa nos describe en *Silencio administrativo* o labirinto burocrático no que Carmen se mete cando solicita a concesión da renda básica, aos que traballamos nun servizo público rómpesenos un pouco a alma. E non só porque amosa a incapacidade dalgúns empregados públicos para lembrar que a súa misión fundamental é servir os cidadáns. Tamén polas consecuencias que creamos coa nosa incapacidade para democratizar e facilitar o acceso aos servizos públicos por parte das persoas usuarias, sexan as que sexan. Rompésenos a alma ao pensar en como funciona o sistema de seu, se o comparamos con como podería funcionar, sen que fose preciso un enorme esforzo.

Na administración radica a esencia democrática dun país

O libro de Sara Mesa, sesenta minutos de lectura, é un logradísimo opúsculo que nos interpela, como sociedade do benestar, polas dificultades que temos para afrontar con proximidade os problemas daqueles aos que a *infortuna* rondou con teimosía. Sara acirisca o texto con continuas reflexións cargadas de necesidade: *Que se utilice a tecnoloxía non so é lícito, senón desexable. O problema, pensa Beatriz, é que se deixe as persoas en mans dela, sen asistencia.* Ou máis adiante*: Aos pobres esíxelles que detallen as súas intimidades se non queren que sobre deles se estenda -aínda máis- a sospeita.*

A pobreza é a deriva posible que puido coller a vida de calquera de nós. A exclusión social roldou preto nosa. Caeu nun veciño. Libramos, pero puido ser a nosa vida. Que fortuna estar nunha situación que nos permite ceibar dela a alguén menos afortunado ca nós.

O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Convida este tempo da Coresma a exercitarmos tres miradas acompañadas de tres accións: o XAXÚN, a ORACIÓN e a ESMOLA.

O XAXÚN é a mirada cara a un mesmo, cara ao propio interior. Como anda a miña vida? Estou ben? De que teño fame? Que me farta? En que gasto as forzas, o traballo, os cartos? O xaxún axuda a vencer os instintos, as paixóns, os excesos. Falaba santo Agostiño do Mestre Interior que nos axuda a descubrir o verdadeiro significado dos signos. En todos está ese Mestre Interior. O xaxún vence o narcisismo, unha das enfermidades máis estendidas na actualidade e, segundo os expertos, nada doada de curar, agás con tal mestre!

A ORACIÓN é a mirada cara a Deus Pai e Nai. Xorde dende o interior do corazón e apóiase no silencio e na escoita. Deus vén ao meu encontro... E estarei na casa? Busca cada día un momento de silencio, respira e acorda que a vida está nas propias mans, non na man das empresas. É tamén revisión de vida. Xa os pitagóricos, 400 anos antes de Xesús, remataban a xornada preguntando: que fixen ben? Que fixen mal? Que me quedou por facer?

A santidade consiste en mirar as outras persoas coa mirada de Xesús

A ESMOLA é a gran mirada sobre o outro, o próximo. Unha mirada misericordiosa. Dicía Oríxenes que a santidade consistía en mirar as outras persoas coa mirada de Xesús. Esmola é entender o outro e non xulgalo. É acompañar, sorrir, compartir. A esmola é facer que quen estea ao meu lado sexa máis feliz na miña compaña. Esmola é corrixir con amor e afastar odio e resentimento.

Na casa de Lola de Angustias puxeron un peto no chineiro da cociña. Pequenos e grandes botan cada semana o que aforran privándose dun viño, dun café, das chuches. O domingo, antes de xantar, rezan un Nosopai e cada un bota o que aforrou. Cando chegue a Pascua, hano levar a Cáritas. Velaí: *xaxún, oración e esmola.*

O CARRABOUXO por Xosé Lois

O peto común

Teresa Souto Loira

O mes de marzo foi un mes de loitas e reivindicacións, que agardamos deixen pouso, xa que por saír un día á rúa, a sociedade non muda; é un traballo diario de paso a paso, miúdo, e ás veces ata parece silencioso. O 8 de marzo saímos xuntas e xuntos á rúa, berrando ben alto "Machismo para atrás", "Fóra o patriarcado", "O feminismo é a igualdade", "Non son mortas, son asasinadas"... Dicirlle a unha muller que está obsesionada co feminismo é como dicirlle a un paxaro engaiolado que está obsesionado con voar... Dous días despois, unha muller era asasinada en Valga. E volvemos saír á rúa en repulsa dos asasinatos machistas e da violencia de xénero.

A igualdade aínda é unha materia pendente, como o é a concienciación e sensibilización a prol da defensa do medioambiente. E nestes momentos temos unha moza que nos está a dar exemplo e leccións de activismo: chámase Greta Thumberg e con 16 anos fala claro, sen adornos, contra o cambio climático e contra a pasividade dos políticos e políticas; promoveu os venres polo futuro e cada venres senta fronte ao Parlamento sueco coas súas pancartas. Ademais toma medidas para reducir a súa pegada de carbono, polo que non colle avións e viaxa en tren.

Aquí, en Pontevedra, abríusenos unha fiestra de esperanza a que Ence marche da ría, por incurrir a prórroga do Goberno do PP en vicios de incorrección legal. Oxalá sexa declarada nula e se vele polo interese xeral, non polo interese de grandes empresarios. Oxalá se volva recuperar a ría para Pontevedra, Marín, Poio... e o lugar de Praceres volva ser un pracer.

Marzo foi un mes de loitas que agardamos deixen pouso

Rumores de esperanza

Vou contar unha historia que "se non é vera é ben trovata". Contáronma coma real. Situámonos en Madrid, pleno centro da cidade, nas zonas máis caras. Era domingo e faltaba pouco para a misa das doce na parroquia do dito barrio. Unha ecuatoriana turra dunha cadeira de rodas dun señor maior e de mirada perdida. Chega ás escaleiras e o elevador que hai para superalas non funciona. A ecuatoriana (ou era marroquí?) vai á sancristía para pedir axuda e o cura de idade madura, pero non vella, di que o sancristán, que é quen sabe manexar a máquina, non está. Logo comproba que o botón de acendido está no seu sitio e acode a mirar o aparello, as escaleiras e o vello. "Pois non sei que lle pasa", di contrariado, e regresa á sancristía para poñer as vestimentas litúrxicas. Ao pé das escaleiras, queda a nosa filipina (ou era dominicana?) pensando en como salvar a dificultade. O rapaz que estaba na porta, de pelo longo e barba de vinte días, coa función de abrila a cada un dos que entraba e de pedirlle unha esmola, vai correndo e entre os dous conseguen subir o vello. Proba superada. Pero ao rematar, había que baixala. Pero non había problema. O rapaz contratara un grupiño de barbudos de falar turbio e entre todos baixan o vello ante a mirada atónita da peruana. O rapaz, ao regresar á súa porta para misa da unha, lembra a parábola do bo samaritano que lle contaban no seu cole de Salesianos. Ou era a parábola do fillo pródigo? Non lembra porque el sempre suspendía relixión.

Entrevista

Folgas e manifestacións na sanidade, que está pasando?

Redacción

Os efectos da crise económica e das medidas que se tomaron para paliala, dende a xubilación precipitada de profesionais ata a supresión de prazas ou a privatización de servizos, están levando á sanidade pública a unha situación de deterioro. En Galicia os profesionais puxéronse á fronte das denuncias e nos últimos meses vimos a dimisión en bloque dos xefes de servizo de atención primaria na área de Vigo, a folga nos PAC ou a folga do Servizo de Urxencias do Hospital Clínico Universitario de Santiago. Para coñecer de cerca o que está pasando, falamos con ***Fátima Nercellas Colmeiro****, médica do Servizo de Urxencias do hospital clínico dende hai 30 anos. Días despois desta entrevista, algúns colectivos e sindicatos decidiron deixar a folga; continúase mantendo a convocatoria de folga para os médicos de urxencias.*

Redacción: *Como comezaches traballando no Servizo de Urxencias?*

Fátima Nercelle Colmeiro: Ao que rematei os estudos de Medicina na Universidade de Santiago, fixen a residencia en Medicina Familiar e Comunitaria; esta formación inclúe o traballo no Servizo de Urxencias. Gustoume ata o punto de que cando rematei a residencia e me ofreceron a posibilidade de quedar, aceptei. Ademais de traballar como clínico neste servizo, tentei mellorar as condicións laborais; por iso entrei a formar parte do sindicato O'MEGA dende hai 16 anos.

R: *Como xorde a convocatoria da actual folga de urxencias do Hospital Clínico?*

FNC: Antes de convocar a folga, estivemos case un ano de reunións coa xerencia sen resultados. Os políticos, os xestores, son especialistas en falar e falar sen que se resolva nada. Tamén hai que dicir que parte dos compañeiros eran reticentes a convocar a folga porque dicían que non iamos conseguir nada, pero niso estamos.

Os principais detonantes da folga foron a presión asistencial e a falta de espazo. O número de urxencias aumenta. Revisando este dato, encontramos que no ano 2017 houbo 25 000 urxencias máis ca en 2013 e, con algunhas variacións, así sucede no ano 2018. A tendencia indica que se mantén o aumento da demanda de atención urxente.

Xa no ano 2014 houbo unha convocatoria de folga que rematou porque a xerencia comprometeuse a dotar 1 médico de urxencias máis e aumentar o espazo. Non se cumpriu o compromiso e, de feito, o aumento do espazo está denunciado e pendente de xuízo.

R: *Antes de falar dos espazos, pensas que ese aumento das urxencias ten que ver co deterioro da atención primaria?*

FNC: Entendo que si. Se pides cita en primaria e tardan varios días en atenderte, cando antes era practicamente no día, e se ademais o médico de atención primaria está desbordado coa cantidade de doentes, -eles mesmos se queixan de que están en 10 minutos por doente-, é case imposible dar correcta resposta ás necesidades da poboación; daquela, os doentes teñen que recorrer ás urxencias.

R: *Con respecto ao espazo?*

FNC: En urxencias hai 70 "sitios" para atender os doentes graves, que

son aqueles que cumpren uns criterios que a clasificación Manchester sinala coas cores amarelo e laranxa. Xerencia acumula doentes pendentes de ingreso, que poden ser de 15 a 30; pero como en cada quenda (mañá e tarde) entran en urxencias 50 - 60 doentes, ocorre que hai doentes que non teñen espazos onde ser atendidos e están nos corredores de entrada. Aí a súa situación de enfermidades deteriorase.

R: *Como cres que puido influír o feito de que os doentes estean no corredor nos casos das mortes que foron denunciadas perante a xustiza?*

FNC: Ao estaren no corredor, os doentes empeoran; isto é moi grave; os médicos imos ao corredor e preguntamos alí, diante de todos, que é o que lles pasa e miras discretamente debaixo da roupa; así non se pode explorar correctamente un doente e tes máis posibilidades de cometer un erro; xa non insisto no feito de que os

Pancarta nun dos corredores do Hospital Clínico de Santiago

Aos políticos non lles importa, agás que saia na prensa

outros doentes teñan coñecemento do que lle está sucedendo ao doente entrevistado.

Dende 2012 van cinco falecementos. Os tres últimos están xudicializados. Aos políticos non lles importa nada diso, agás que saia na prensa.

R: *Cales eran e son os obxectivos que queredes acadar coa folga?*

FNC: Persoal e espazo. De momento, conseguíronse 11 enfermeiras e 11 auxiliares, o que motivou que eses colectivos deixasen a folga.

Médicos consideramos que facían falla de 4 a 7, para pasar dos 40 profesionais actuais a 47 (rotando en quendas). De momento, non deron ningún. Tamén consideramos preciso espazo de traballo, isto quere dicir que se precisa abrir sitios e levar os doentes pendentes de ingreso ou os doentes en observación.

R: *Antes dixeches que o problema do espazo está pendente de xuízo desde a folga de 2014, pódese agardar algo do que resolvan os xuíces?*

FNC: Por suposto. Pódese resolver pola vía de darnos amparo xudicial apoiado no Real Decreto 486/1997, artigo 3, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Disponse que o empresario deberá adoptar as medidas precisas para que na utilización dos lugares de traballo non se produzan riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores, e entre elas está a de manter as vías de tránsito ou evacuación baleiras. Neste caso, ademais dos traballadores, están implicados os doentes. Se o xuíz dá ese amparo, a xerencia verase obrigada a habilitar espazos para mellorar a atención en urxencias, e espazos hai, hai unha planta pechada. E hai precedentes: no ano 2012 un xuíz ordenou abrir unha planta do hospital de Toledo para atender os enfermos (*Elplural.com*, 7-7-2012).

R: Agora hai un novo coordinador do Servizo de Urxencias. Por que cesou a anterior coordinadora?

FNC: Á anterior coordinadora, a Dra. Varela, Xefa do Servizo por oposición, propuxéronlle que demitise, pedíronllo… Obrigárona? Hai ano e medio. Foi substituída polo Dr. F. Rascado, nomeado a dedo, a quen lle prometeron de todo; pasado un ano, vendo que todo eran mentiras, dimitiu. Agora o SERGAS nomea outro coordinador, tamén a dedo, compañeiro de urxencias da Coruña. A ver que lle deixan facer. Dende o hospital, a xerencia tiña outra opción, que era convocar a Xefatura do Servizo, pero o SERGAS impuxo esta saída.

Moitas grazas, Fátima, e moito ánimo para seguir esixindo o necesario para o ben dos doentes, dos profesionais sanitarios de todos os estamentos e da poboación usuaria do Servizo de Urxencias.

Entrevista Rompendo os teitos de cristal

María Illa

Elena (centro) coa vicedecana Rosana Rodríguez, á esquerda, e a secretaria Beatriz Pateiro

Elena Vázquez Cendón, nacida en Ourense, é hoxe profesora de Matemática Aplicada e Decana da Facultade de Matemáticas da USC. É notable a súa faceta de divulgadora científica en galego, autora de importantes publicacións, membro do Consello da Cultura Galega e colaboradora de iniciativas para o impulso da ciencia entre a xente moza. Conversamos con ela sobre problemas, realidades e desafíos da ciencia en Galicia e con nome de muller.

Onde nace esta inclinación polas matemáticas?

Foi tan importante a escola como certas disposicións naturais. Tiven a sorte de ter mestres e mestras brillantes de matemáticas, física e química, no instituto e na EXB. Xogaba coas matemáticas, dándolles aulas ás bonecas na xastraría de meu pai, usando o xiz de marcar as teas para pintar na mesa de cortar. Sentíame cómoda cos números e as operacións. Coa ortografía non podía facer axiomas: eu quería unha regra para saber por que barco era con b e non con v. As matemáticas dábanme seguridade. Despois pensei que me orientaría para a física porque me gusta resolver problemas que teñan que ver coa realidade. E a física explicaba cousas. Pero con quen máis próxima me sentín foi coa miña mestra de matemáticas. Fun moi afortunada co profesorado que me guiou.

Sinto un gran respecto polo profesorado de ensinanza media. Ultimamente introduzo as miñas conferencias dicindo que son estudante do IES As Lagoas de Ourense, da promoción do 80-84, porque esa etapa foi moi importante para min. Deixoume unha fonda pegada para chegar a esta área das matemáticas que me apaixoa: a matemática industrial.

Non che vou preguntar polos atrancos que atopaches como muller científica, senón pola riqueza de ser muller e científica...

Eu non podo pensar sen ser muller, como non podo pensar sen ser de Ourense, ou de Santiago por acollemento. Na miña traxectoria como estudante e como científica, probei toda clase de sabores: o sabor de comprender, o sabor de ser escoitada con

> Non rexeitemos os erros, pois indican algo novo que está por aparecer

recoñecemento, de estar propondo solucións que fan avanzar e aprender. Establecín, xa que logo, alianzas que permiten abrir camiños de entendemento e oportunidades, tamén cando dirixín teses, por exemplo. Tiven pola contra que afrontar certa resistencia por ser muller nova, pero aprendín ben axiña a ter seguridade e a compartir as inseguridades. Estas inseguridades téñenas tanto homes coma mulleres, o que pasa é que con nós

poden bater, aínda que non sexamos moi conscientes, cun certo "síndrome da impostura", que nos obriga a querer dar o nivel, a xulgarnos con moita dureza e a precisar aprobación. Se a túa contorna, pola contra, ratifica que es unha muller competente, aínda que cometas erros e aínda que o teu expediente sexa "normal", esa incomodidade pode superarse perfectamente. No meu caso tiven a sorte, xa como investigadora, de que o meu director, Alfredo Bermúdez, me impulsou e soubo transmitir a importancia da creatividade, da imaxinación e dos retos.

Para crear coñecemento orixinal, novidoso, é claro que é importante a creatividade, pero tamén os erros, ensaios e intentos previos.

A creatividade, como a colaboración, son ingredientes esenciais da matemática, non sempre explicitamente recoñecidos. Pero son vitais, tan vitais como o valor do erro. Moitas cousas nacen dun erro, de pensar en algo que estaba mal. Non deberiamos rexeitar os erros porque son indicadores de algo novo que está por aparecer. Eu penso que, no meu caso, esa contorna da xastraría e as bonecas fíxome aprender que é tan importante facer como saber desfacer. Nun traxe, o fío hai que pasalo do revés, para non danar o tecido, e facer moitas probas. Desfacer é parte do traballo. O primeiro que me aprendeu a miña mai ao coller unha agulla é que había que coidar a tea porque ao mellor había que desfacer. Foi das primeiras cousas.

Cres que as mulleres atopan máis difícil convivir con este erro necesario, por exemplo, no eido da informática?

Si, coa programación informática nótase moito. Nada vai saír á primeira e o compilador, que é o programa no que se deseña o código informático, marca todos os erros en vermello. Eu vexo que agora, e esta é tamén a teoría dunha muller india que lidera o proxecto "Girls who code", Reshma Saujani, estamos facendo homes valentes e mulleres perfectas, e que é por este motivo que elas son aínda minoría na informática. Porque ninguén programa sen erros. Para os homes, a informática é un reto e o compilador, un aliado. Sen embargo, as mulleres, con todos eses erros marcados en vermello, cuestiónanse, dinse "non fuches quen de escribir isto ben". Eu penso que a min isto nunca me pasou porque eu tiña que respectar o revés do pano, crieime collendo antes unha agulla e o xiz ca un bolígrafo. Pero cando un programa non funciona, un home di "O programa non funciona", mentres que unha muller adoita dicir "Non sirvo para isto". E é o mesmo programa que non funciona. Considero moi importante, xa que logo, que neste mundo do "gústame", compartamos e contemos os nosos erros, as cousas nas que non temos éxito, porque os erros forman parte da aprendizaxe. E se isto non se aprende de pequeniños, ten danos realmente tóxicos. Quedará a frustración sen superar para o primeiro "non". Se cadra, non se explica o suficiente que as persoas que nos dedicamos ás matemáticas resolvemos os problemas a lapis, buscando varios camiños. A aprendizaxe é iso, ir tachando os camiños que non funcionan.

Coma mulleres caemos na "síndrome da impostura", sempre obrigadas a "dar o nivel"

Como científica galega, como lle tomas o pulso á posibilidade de facer e contar a ciencia en galego?

Pois dito con linguaxe matemática, penso que é trivial. Reivindicábao tamén o outro día no Consello da Cultura Galega, nunha comisión que teño o privilexio de presidir e na que está tamén Ángel Carracedo. Facer ciencia en Galicia e divulgala e non facelo en galego sería como renunciar a algo estrutural. As vantaxes, ademais, son claras: reduce distancias e pon en valor algo que é colectivo. E non esquezamos que nos permite introducir no diálogo a os colegas de fala portuguesa. O único caso no que me apeo da divulgación en galego en Galicia é se todo o auditorio é de fóra

Entrevista Rompendo os teitos de cristal

María Illa



e non vai haber xeito de que me entendan. Pero se non, vai de seu.

Que proxectos desenvolvedes desde a facultade que vencellen ciencia, ensino e galego?

Como decana, procuro implicarme en proxectos que constrúan pontes entre o ensino medio e superior. Nesta liña temos *Estalmat*, a iniciativa para impulsar o talento das mozas e mozos de 12 a 15 anos que gozan coas matemáticas. Nós poñémoslles retos diante, para empoderar esta xente moza. *Estalmat*, ademais, evidencia que o problema de comprensión das matemáticas non ten que ver co galego. É máis, este ano un estudante de doutoramento indio explicoulles un teorema en inglés e estaban encantados de entendelo. Por outra banda, promovemos o proxecto audiovisual *Explícoche 2.0*, no que pedimos que nos envíen vídeos no que se explique calquera asunto, historia ou concepto relacionado coas matemáticas en dous minutos e medio. O único requisito, ademais do formato e da duración, é que a lingua condutora ten que ser o galego. Con esta experiencia sentimos que cando hai algunha eiva na lingua, tamén a hai na montaxe do vídeo, ou na comprensión do concepto que se está a transmitir. Trátase de conectar tecnoloxía, comunicación, lingua e mates, iso é a riqueza, non ir delimitando leiriñas: non hai marcos entre as matemáticas e a lingua, por máis que algún queira chantalos…

Finalmente, por que está tan presente Fontán no teu traballo, sobre todo como divulgadora, e por que é tan importante esta figura?

Eu falo de Fontán como admiradora matemática, pola xenialidade de percorrer Galicia durante 17 anos a cabalo e burro para triangular Galicia e crear unha carta xeométrica científica. Baséase na evidencia de que medir ángulos é máis exacto ca medir lonxitudes, para o cal fixo uso do teodolito, ferramenta que sería un dos cen obxectos que nos identifican como galegos e galegas. A carta final contén 8 000 topónimos situados cunha precisión abraiante para estar confeccionada hai xa máis de 200 anos. Este home púxolle rostro a Galicia con precisión científica, e eu achegueime á súa figura como catedrático de matemáticas sublimes. Pero descubrín, moi logo, o gran valor social en Fontán. E é que non o fixo como matemático, senón como galego comprometido co desenvolvemento de Galicia. El cría que o desenvolvemento só era posible cunha mellora das comunicacións, e esta pasaba por coñecer a orografía. E, de novo, a importancia dos mestres: o seu foi o matemático Rodríguez, que participara na medida do meridiano de Greenwich, e que lle puxo o camiño polo que el camiñou. E, por certo, a Carta Xeométrica non tería sido posible sen a leal e constante colaboración do irmán de Fontán, que medía as diferentes presións atmosféricas, con Noia como punto de referencia, para sacar as altitudes.

> Non hai marcos entre as matemáticas e a lingua, por máis que algún queira chantalos

Fontán fai a Galicia un referente. Foi o primeiro territorio do Estado español cun mapa científico. Os primeiros, ademais, en utilizar o metro como unidade de medida. Dámoslle as grazas con gratitude científica, social e cultural e tamén porque serve de engado para a xente moza. Cando lles preguntei nunha charla aos nenos e nenas de Portas que era o que máis lles gustaba do seu veciño, dixeron que o seu entusiasmo. Pola súa banda, o propio Fontán afirma na súa autobiografía que a pegada do seu mestre é precisamente iso, o entusiasmo polo coñecemento. Ás veces, para ver, hai que mirar coas lentes dos pequenos, sen dúbida.

Crónica Benquerida Xiana

"Eu son libre coma as aves
e paso a vida a cantar.
Corazón que nace libre
non se pode encadear."

O pasamento de Xiana Vilar Sopeña, aos seus 25 anos, –do que versa o "trasno" deste número–conmocionou e uniu unha manchea de xente o pasado 19 de marzo. No mesmo tanatorio do Son e da man da súa nai, Marta, e do seu pai, Xosé Lois, acompañados pola familia e achegados, celebrouse un "funeral distinto", moi persoal, íntimo, ecuménico e festivo. Traemos aquí algún dos elementos daquela cariñosa despedida.

Xiana Vilar Sopeña

Carta dos pais

Benquerida Xiana:

Chegou o tempo da despedida, o intre preciso do ADEUS. Vaste portando trece rosas. Cinco brancas, a de Aroa, Clara, Sé, Roi e Lía; e oito vermellas, María, José, Maco, Helio, Luísa, Diego, Papá e Mamá.

Chegaches de última de entre as túas irmás e curmáns e partes a primeira. Canto nos gustaría falar co xardineiro que decidiu cortar a túa rosa e saber da súa boca a razón desta poda tan temperá. Dóenos a túa ausencia porque eras unha flor imprescindible do noso ramo e non temos maneira de encher de arrecendo o que era teu lugar.

Apostaremos por continuar cinguidos uns aos outros facendo memoria do rastro de luz que deixaches ao teu paso. Unha lumieira miúda, pero persistente, que durante 25 anos contribuíu a manter acesas a lapas de agarimo que deron calor á nosa familia.

Nun físico pequeno albergabas unha forza moral rexa e un pulo denodado que non deixaba de sorprendernos. Queremos lembrarte así, sorpresiva, independente, consistente e aprender desa actitude vital para facer os nosos espazos máis habitables, as nosas vidas máis boas e xenerosas. Devecemos porque non te foras nunca de canda nós, mais xa que iso non foi posible, aprenderemos do teu legado e procuraremos que o sabor salgado das bágoas non nos faga aborrecer o mar de liberdade que temos por diante.

Grazas Xiana, da parte de todas e todos nós, familiares, amigos, veciños... Despois do teu paso, o mundo amenceu un algo mellor. E xa que daquela ti non estás, que non nos falte nunca o teu sorriso sereno, a túa presencia discreta, o teu alento vital, a túa forza moral desbordante.

Quixémoste antes, querémoste agora, quererémoste sempre. Onde esteas, canda ti imos.

Un bico, cariño.

Entón
preguntaranlle os xustos:
"Señor, cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?"
O rei contestaralles:
"Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, fixéstelo comigo".
Mt. 25,37-40

Na hora de pôr a mesa, éramos cinco: o meu pai, a minha mãe, as minhas irmãs e eu. depois, a minha irmã mais velha casou-se. depois, a minha irmã mais nova casou-se. depois, o meu pai morreu. hoje, na hora de pôr a mesa, somos cinco, menos a minha irmã mais velha que está na casa dela, menos a minha irmã mais nova que está na casa dela, menos o meu pai, menos a minha mãe viuva. cada um deles é um lugar vazio nesta mesa onde como sozinho. mas irão estar sempre aqui. na hora de pôr a mesa, seremos sempre cinco. enquanto um de nós estiver vivo, seremos sempre cinco.

José Luis Peixoto,
do libro *A Criança em Ruínas.*

As furtadelas Honduras, radiografía dun país esquecido*

José Luis Barreiro Areses
(xornalista e membro de Entreculturas en Galicia)

Caravana de migrantes hondureños cara a EUA

Un ano despois da fraude electoral, a caravana de migrantes cara a EEUU puxo no mapa un país castigado pola indiferenza internacional, pola desigualdade, a pobreza, a corrupción, a violencia, a impunidade e a constante falta de respecto aos dereitos humanos. Honduras apenas ocupa algún titular da actualidade internacional. Para a súa tristeza, sae á luz unicamente cada vez que unha desgraza arrasa o país. O furacán Mitch, o golpe de Estado de 2009, o asasinato da líder indíxena Berta Cáceres, as eleccións fraudulentas do 2017 ou a caravana de migrantes que no outono emprendeu rumbo a Estados Unidos.

Fraude electoral

O 26 de novembro de 2017 celebráronse eleccións á presidencia da República de Honduras. Por primeira vez desde que a Constitución de 1982 o marcase como un dos seus artigos pétreos, un presidente optou á reelección, sendo ese feito inconstitucional. [...] Juan Orlando Hernández, lonxe de ser inhabilitado, recuncou no cargo grazas a un reconto de votos manipulado cando, a horas de se pechar os colexios, perdía as eleccións. Indicios dunha fraude electoral que levou á poboación ás rúas durante varios días. Na represión do Goberno a esa protesta masiva, 33 persoas morreron, houbo centos de feridos e varias persoas foron detidas. Moitas seguen no cárcere como presos políticos. Con ese legado, o presidente, ao que a gran maioría cualifica de "ilexítimo", goberna o país. Faino en conivencia coas elites hondureñas, pero coa oposición das clases máis humildes. E a situación, en Honduras, só fixo empeorar durante os últimos meses. A desigualdade e a concentración do poder económico nunha pequena porcentaxe da poboación (17 familias) é a orixe de todos os problemas do país.

Pobreza, desigualdade, corrupción e violencia

Dos 9 millóns de hondureñas, o 66% viven na pobreza e, deles, o 45% na pobreza extrema. A metade da poboación non ten emprego e malvive de negocios á marxe da legalidade. Bandas xuvenís ou maras controlan as colonias, usando a extorsión e a violencia contra todo aquel que non obedece as súas normas ou que non paga o imposto que esixen. Negocian coa droga, unha droga que conseguen nas mafias que tamén dominan o país e que o están convertendo xa nun narcoestado. No medio de tal situación, a seguridade privada converteuse nunha necesidade case obrigatoria para quen teña un negocio, grande ou pequeno. As armas aparecen por todas partes, camións de repartición, portas de supermercados, farmacias, panaderías… E ese enorme persoal de gardas de seguridade está en mans de empresas cuxos donos son os militares e ex-militares do exército hondureño. Xunto a eles, policía local, nacional, policía militar e exército. Estes dous corpos do Estado son dos mellores dotados de toda Latinoamérica. Conclusión: Honduras dedica o 52% do seu orzamento nacional a seguridade. O orzamento para Educación non chega ao 22%. A

* Tomado de www.entreculturas.org/es/honduras

principal fonte de ingresos para unha gran maioría de hondureños é o traballo nas maquilas, grandes empresas do téxtil que dan traballo a 130 000 persoas en Honduras. A maioría son mulleres novas e nais solteiras que traballan en condicións moi duras e con salarios pírricos. No ránking da ONU que mide a esperanza de vida, o nivel de saúde, o acceso á educación e a dignidade no nivel de vida, Honduras ocupa o posto 130 do mundo, o máis baixo de toda Latinoamérica. Só é superada por Haití, que ocupa o 163.

Berta Cáceres, nunha cerimonia para recordar tres líderes lenca asasinados na campaña contra a presa Agua Zarca

Medo a morrer

"Roubáronnos tanto que ata nos roubaron o medo", é unha frase que resoa nun país que, sen estar en guerra, soporta unha taxa de homicidios superior aos lugares en conflito (90 por cada 100 000 persoas). E San Pedro Sula, a 244 km de Tegucigalpa, chegou a ser cualificada como a cidade máis perigosa do planeta. Ademais da violencia nas rúas, das mortes vinculadas á droga, calquera persoa que se mostre crítica co goberno ou coas multinacionais que están a ocupar gran parte do país, son ameazadas de morte e, en moitos casos, asasinadas. No últimos cinco anos, 25 xornalistas morreron por este motivo e case 170 líderes indíxenas e defensores dos dereitos humanos.

O goberno de Honduras optou por unha política mineiro-extractiva, coa que se privatizan e concesionan miles de hectáreas, mesmo algunhas que non lles pertencen, favorecendo así o investimento estranxeiro. Moitas das comunidades indíxenas hondureñas, orixinarias desde hai moitos anos desas terras, están a ser expulsadas. Un exemplo diso é a comunidade garífuna: negros hondureños descendentes de escravos africanos. Viven na costa caribeña e están a ser expulsados das súas terras pola construción de centrais térmicas ou pola compra abusiva de espazos na costa para crear grandes resorts turísticos. Moitas comunidades organizáronse en movemento de defensores do territorio e loitaron, mesmo en ámbitos internacionais, para reclamar os seus dereitos. Un dos casos máis emblemáticos foi o de Berta Cáceres, cuxo asasinato, hai algo máis de dous anos, fixo resucitar o pobo hondureño. Outro dos problemas que enfronta o país é a impunidade: case sempre resulta complexo demostrar que un asasinato foi premeditado e cuns autores intelectuais moi concretos. Ao final, sempre hai unha escusa infalible para a policía ou as autoridades locais: foi un crime pasional. E é que aquí as forzas de seguridade sempre teñen algún tipo de vinculación co crime organizado.

> A desigualdade e a concentración do poder económico é a orixe de todos os problemas do país

Fuxir do país

A crecente situación de pobreza, desigualdade, violencia e impunidade na que entrou Honduras nos últimos anos sitúa a súa poboación máis vulnerable ante unha dobre opción: quedar no país e correr o risco de que te maten, de pasar fame… de aguantar ata onde se poida esperando momentos mellores. Ou marchar cara ao norte (México ou EEUU) en busca dunha oportunidade e dunha vida mellor para a súa familia. Iso fixeron xa moitos e, de feito, as remesas (ganancias que os emigrantes envían ás súas familias) son a principal fonte de ingresos en Honduras.

As persoas que deciden fuxir cara ao norte en busca dunha vida mellor fano en pequenos grupos ou en solitario. Cada mes, entre 300 e 400 persoas menores de 30 anos tomaron esa opción en Honduras, segundo datos que manexa o ERIC. O pasado 13 de outubro, e de forma masiva, convocouse unha saída conxunta desde San Pedro Sula cara a Estados Unidos e xuntáronse 4.000 hondureños, cifra que foi crecendo, con outras marchas paralelas doutros cidadáns centroamericanos, ata chegar aos 7 000.

(Máis información buscando en internet: entreculturas entrevista padre Melo)

Ler para camiñar El pueblo contra la democracia

Juan Antonio Pinto Antón

Un terzo do libro é bibliografía, así que o resto non mete medo. E, además, Yascha Mounk, bo comunicador, que sacude a preguiza intelectual. Velaquí o *vademécum* dunha palabra de contornos imprecisos: populismo.

Mounk fai o fácil, a foto do presente ameazador, e o difícil, as propostas para inventar o futuro

Cando pensabamos que quedaba lonxe a barbarie de sangue e violencia do s. XX, a turbulencia dos últimos anos ameaza con novas desfeitas. Agora mesmo, populismos autoritarios son un tsunami sen fronteiras. Séntanse no poder en USA e Brasil, os dous colosos americanos. En Rusia e Turquía. E ata en países da UE como Polonia ou Italia, en mans de tipos atrabiliarios. A epidemia chega a Alemaña, Francia, Venezuela, países nórdicos, Hungría. España, agora.

A linguaxe de Mounk é clara. Enténdese. Fai o fácil: a foto do presente ameazador. E o difícil: propostas para inventar o futuro. O título escama: non deberían ser tiranos os que ameacen a democracia? Democracia é goberno do pobo, e agora resulta que o pobo está detrás de revoltas populistas que ameazan a democracia.

Populismos: solucións fáciles a problemas complexos cunha linguaxe trampulleira de limpeza e democracia. Buscan e atopan inimigos exteriores. O pobo contra invasores que ameazan o noso modelo de vida e valores. Os 'nosos' contra os 'outros'. Os que comparten sangue, historia, lingua, relixións, 'raza' contra o inimigo brutal, inculto, delincuente. Mexicanos violadores e narcotraficantes, tuitea o excesivo Trump.

Os populismos ameazan institucións que garanten a convivencia dos diferentes baixo o mesmo paraugas democrático. Fóra delas, matonismo e barbarie. Enarbolan un verbo incendiario. Flautistas de Hamelin pastoreando resentimentos da xente do común contra as élites. A retórica fácil da indignación éche o caldo de cultivo onde coce ben a demagoxia. Iso e as crecentes desigualdades froito dun sistema económico desapiadado, bo combustible para o medo.

O libro ofrece outra cara da moeda: propostas para se enfrontar aos populismos, aínda que berren máis. A fin de contas, as sociedades están vivas. O clamor popular activa os resortes da xustiza para perseguir a políticos sucios. A xente pensa e actúa. Agora mesmo, adolescentes de EUA, Australia, Suecia e Bélxica saen á rúa chamando merdáns a uns dirixentes incapaces de acordar nada contra o cambio climático que lles rouba o futuro. O pobo que non soporta a opresión é quen de apear do poder os tiranos. Aínda que resulte difícil deter un elefante que brúa a diario na cristalería de twiter. Abanear a bola de derribos que destrúe é fácil, construír é máis difícil. Pero cando está en xogo a vida do planeta, o benestar da xente, os valores democráticos e a liberdade, paga a pena.

Un primeiro e sinxelo paso para se enfrontar aos populismos é ler o libro de Yascha Mounk. *El pueblo contra la democracia*.

Pingas de orballo ANXO LAMAS MUINELO

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Quero presentarvos e traer aquí a Anxo Lamas Muinelo, nado no 43 e alumno do Seminario de Mondoñedo –polo tanto, tamén herdeiro dese impetuoso expresionismo poético mindoniense que habitou a tantos escritores e referentes–. Amigo e compañeiro de estudos no Instituto de Lugo cando deixou o seminario, e cando non presentiamos sequera a vida, que viña cargada de anceios e soños. Nin sequera sabiamos dos recendos amargos e doces que o tempo trae, nin sequera das cores que pintarían as enormes paisaxes daqueles esculcantes ollos, que aventaban e parecían comer o mundo.

No seu franciscanismo poético Anxo escribe un mundo enteiro

Anxo Lamas desapareceu nun intre, perdido –para min– de moitos anos, marchou e atopouse a si mesmo, mentres andou o mundo (primeiro Francia, Figueres, onde tordeou con Dalí e Gala, todo hai que dicilo, e percorreu outras paisaxes e modos do lonxe e diverso por eidos tolos de aventura), ata que cadramos xuntos de novo –corenta anos despois– na presentación dun libro, en Lugo. Pasaran moitos anos e alí atopei un descoñecido Anxo Lamas, con coleta e barba. Regresaba navegante de mil mares e bohemio das tantas soidades para expresar de novo a eterna certeza das artes, esa que fai sabernos e reconfortarnos –precisamente en nós, no noso, no noso universo cheo daquelas pequenas cousas que –ao final– son enormes e están dentro ou no arredor e son as que verdadeiramente valen!

Anxo proseguiu as ansias artísticas coas que xa nacera, buscou e buscou novos xeitos para expresar o das que sempre tivera ansia de espallar. Realismo, surrealismo, impresionismo... Abondou na pintura e na escultura, tamén na palabra. E nese multiformismo estético, con toda aquela experiencia, co seu mundo de regreso e busca nos neotrobadorismos da nostalxia, coa súa técnica mindoniense e doutras escolas europeas, doutras atmosferas tamén do continente, volveu ao mundo, a Bazar, á orixe, a Castro de Rei, á Terra Cha..., que, por certo, é o centro do mundo e tamén do estranxeiro! Agora pinta esa paisaxe diversa e multicolor das cousas máis pequenas, ese mundo que sabe é o verdadeiro. Talla e pinta sobre todo tipo de elementos, non só lenzos, senón táboas, ventás, portas, raíces, cortizas. Chega a estremecer os corazóns de quen atende aos trazos e ás cores, ás luces e ás sombras. Traza corpos de persoas, plantas, paxaros, flores, bolboretas, paporrubios... E nese Franciscanismo poético tamén escribe un mundo enteiro, que é o seu mundo, o noso Mundo. Pinta imaxes de cristos, feridos e doentes, sufridos e nada "guapos", mentres critica aqueles que os pintan sen sangue nas feridas, sen golpes no corpo, sen a dor padecida..., pero coa esperanza nos ollos. E é entón, cando xorden plataformas da arte, todas elas representadas en pé de reivindicar O Noso, a singular maneira de ser, estar e existir, de abrir camiños, de borrar silencios que nos pesan na conciencia e na consciencia. Entón o que consegue e que nos obriga a facer reconto das vontades, para significar a aquelas persoas que tiveron a ben ensancharnos horizontes coa súa existencia anterior, de agrandar o corazón desde a beleza, desde a ledicia de sabernos pola Terra. Por iso hoxe é un día grande, na feliz lembranza. Presente Anxo Lamas en permanente exposición por Galicia adiante, debo agradecer a súa xenerosidade. Esa que hoxe nos convoca na recompensa da memoria de, sobre todo, unha gran persoa.

Boa Nova

ESPIRITUALIDADE DE ÉXODO PARA TEMPOS DE ÉXODO



A modificación xenética abre horizontes insospeitados á especie humana

José A. Martínez

José Arregui, teólogo, profesor universitario xubilado e colaborador habitual de publicacións coma Atrio ou Fe Adulta, estivo na parroquia de Coia (Vigo), con motivo das xa consolidadas "Charlas de Coresma", o que aproveitamos para presentarvos uns apuntamentos sobre o que alí expuxo.

Tempos de éxodo, tempos de graza

Vivimos nun tempo de éxodo, polo que precisamos unha espiritualidade apropiada, de éxodo.

Un tempo de éxodo, un tempo de graza. Éo, hai que miralo así e facer que este, que estamos a vivir, sexa un tempo de graza.

Son tempos novidosos. Non estamos nun tempo de mudanzas, senón nun cambio axial do tempo.

Vivimos nun tempo de transición e éxodo, adentrámonos cara ao descoñecido, temos un camiño que hai que ir trazando e unha terra por descubrir.

Hai un éxodo no campo do saber. Un crecemento exponencial do coñecemento, do saber, da información. A conciencia do que sabemos é maior ca nunca, mais a inseguridade tamén. Fainos máis vulnerables e inseguros.

Transitamos unha economía en éxodo, un modelo capitalista baseado no lucro, sen rumbo, extraviado, sen ética e insostible.

Asistimos a mareas de xente en éxodo forzado, máis de 250 millóns de migrantes, por motivos económicos e políticos. Sobre todo, o que os expulsa é a violencia da economía.

A Nai Terra está en éxodo, cunha situación ecolóxica límite, cun comportamento humano suicida.

A especie humana atópase en éxodo. Fálase do transhumanismo. Alteracións xenéticas, cun horizonte insospeitado. A nosa especie esta saíndo de si mesma, mais cara a onde?

Espiritualidade do éxodo

Que espiritualidade para tempos de éxodo? Unha espiritualidade "de sempre", mais non vinculada necesaria nin imperativamente a unha relixión ou o paradigma relixioso tradicional. Mais tampouco a unha imaxe de Deus!

A espiritualidade é unha grande urxencia cultural: estámonos a xogar o ser ou non ser unha comunidade humana planetaria. Sexa ou non sexa relixiosa.

É o grande desafío deste tempo: coidar a espiritualidade como se coida da respiración.

Mais que espiritualidade?

- A que nos permite entrar en si para poder saír (Mt 6,6). Orar é ser a fondo. Facer silencio, non só de ruído exterior, senón tamén das emocións que nos pertuban. Entrar na fondura dun mesmo para nos liberar das cadeas interiores que nos atan, coma condición imprescindible para poder abrirse, saír dun mesmo.
- A que nos permite saír de si para poder entrar. Un saír que non é afastarse da realidade ou das feridas do noso próximo. É a espiritualidade do Samaritano que se detén, baixa da súa cabalgadura e inclínase, que se compadece. Saír é condición fundamental para poder entrar no seu propio ser. É a que che permite saír do teu ego e ser completamente esa compaixón samaritana.

É o grande desafío deste tempo: coidar a espiritualidade como se coida da respiración.

- A que nos permite abrir fronteiras ás persoas que tiveron que abandonar a súa terra. "Coida o emigrante, porque emigrante fuches ti", di o Éxodo. Abraham, Moisés, Xesús, foron emigrantes. Todo fomos emigrantes. Non só é o lugar onde vivimos a espiritualidade, senón que é o que nos permite ver a calidade da nosa espiritualidade.
- É a que nos permite saír en Deus cara a Deus. "Nel vivimos, movémonos e existimos". Deus non é un ente exterior, separado, que intervén cando quere. A espiritualidade é saír cara ao misterio que supera todas as imaxes, todas as categorías: o TRANSTEÍSMO. Unha espiritualidade alén de categorías e imaxes relixiosas. Un tempo para crer con outras imaxes, outras categorías.
- É a que nos leva a contemplar todo en Deus e a Deus en todo.

© Debuxo - https://es.m.wikipedia.org/wiki/Archivo:DNA_transcription.jpg

Boa Nova

Figuras para unha espiritualidade de éxodo

Abraham

É a figura simbólica do crente, do ser humano en éxodo cara a dentro e cara a fóra.

A súa historia comeza con estas palabras: "O Señor díxolle a Abraham: Vaite da túa terra, da túa patria, do teu clan, á terra que eu che hei amosar". E un pouco máis adiante dísenos que se puxo en camiño, conforme lle dixera o Señor.

Fálalle dicindo que deixe a súa cultura, a familia, todo o coñecido, cara a algo que El lle vai amosar. Todo novidade: un éxodo que pode conducirnos cara ao extravío ou cara á terra común.

Símbolo do emigrante en éxodo permanente, dise: "Plantou, alzou a tenda; residiu coma emigrante". Por iso os israelitas, no momento que ofrecían as ofrendas no santuario, comezaban a orar así: "Meu pai era un arameo vagabundo".

Moisés

É o profeta do Éxodo liberador.

E a súa historia resúmesenos en cinco saídas, en cinco éxodos:

- A primeira, cando ve os seus irmáns, atópase coa realidade do seu pobo e comezou a se atopar coa súa propia realidade (Éx 2, 11). Mata a un exipcio que batía nun xudeu.
- A segunda, ao día seguinte, cando atopou a dous hebreos discutindo: os seus irmáns en conflito.
- Moisés foxe, cando sabe que se descubriu que matara ao exipcio. É a terceira saída: foxe do Faraón. Convértese en emigrante e refuxiado no país de Madián (Éx 2, 15). Casa e ten un fillo, a quen lle vai pór de nome Guerxom, dicindo "son emigrante en terra allea".
- En terra extranxeira, Moisés vai coñecer, vai atoparse cara a cara co misterio do infinito, coa silveira ardente. Atopa o misterio fóra da terra e da súa relixión. Aquí prodúcese a cuarta saída, cando é enviado ao Faraón para ir liberar o seu pobo da opresión, cando o infinito innombrable revélalle o seu nome, "Eu son o que son".
- E a quinta saída é a do pobo, e Moisés con el, camiño da terra prometida.

José Arregui na parroquia de Cristo da Vitoria

A figura de Moisés resúmese no mandamento ético de Israel: "Non deixarás o emigrante. Coñecedes a sorte do emigrante, porque emigrantes fostes vós en Exipto", que se transmitirá a normas no Levítico e no Deuteronomia.

Xesús

Pasou a vida facendo o ben, palabras coas que Lucas resume a súa vida. O home espiritual, por antonomasia, que se deixa mover e levar polo Espírito que sopra onde quere.

Foi un migrante, un itinerante, que viviu en éxodo, mesmo desde o seu nacemento, en Belén, aínda que o relato sexa simbólico.

Deixa Belén para fuxir a Exipto, coma emigrante refuxiado.

Cando dá o paso na súa vida, unha voz interior que o guiaba, unha esperanza que latía nel, continúa unha vida itinerante desde que vai onde Xoán Bautista no deserto. Convértese nun profeta itinerante, cun grupo mixto, de mulleres e homes, itinerante seguindo o profeta do novo Éxodo, o profeta do Reino de Deus.

Co profeta Xesús identificámonos, nel atopámonos, a El queremos seguilo nunha Igrexa en saída, discípula do profeta itinerante, cara a unha terra, un planeta, cara a unha comunidade, que faga deste tempo de ameazas un tempo de graza para a vida común de todos os seres humanos.

O noso taboleiro

Encontro da Coordinadora de Crentes Galeg@S 2019

É POSIBLE OUTRA IGREXA PROFÉTICA, SERVIDORA E COMUNITARIA

DATA: sábado, 27 de abril

LUGAR: CSC "Agustín Bueno", no Castiñeiriño (Santiago)

HORARIO:

10.00 h - Acollida

10.30 h - Introdución e motivación do día

10.45 h - Mesa redonda con diferentes experiencias reais de Igrexa:

- Grupos de Xesús (A Coruña)
- Equipos da HOAC (Lugo e A Coruña)
- Grupos rurais (Unidade Pastoral de Os Cotos)
- Comunidade parroquial do Cristo da Vitoria (Vigo)

12.00 h - Descanso

12.30 h - Reflexión e debate: situación actual e perspectivas de futuro

14.00 h - Xantar compartido

15.30 h - Café e/ou roteiro polo río Sar

16.30 h - Celebración

18.00 h - Despedida

Non é necesaria inscrición previa; é suficiente achegarse ese día con gañas de participar. Anímate!

Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA Dende setembro de 1981 **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia.org/revista.html

Un país coma un mundo

Felipe Arias Vilas

Arredor do Pedregal de Irimia, por terras de Meira, Riotorto e A Pastoriza

Comezamos esta serie, como non, polo principio. Viaxando polo nordés galego, onde a Serra de Meira serve de divisoria de augas entre o Eo, que vai ao Cantábrico, e o pai Miño, que, desde o Pedregal de Irimia, acabará no Atlántico. Imos logo polas terras de Meira, Riotorto e A Pastoriza. Precisamos dun día, nunha rota de 100 km, saíndo desde Lugo.

Meira: a feira e o Císter

Nestas terras temos ocasión de deleitarnos con interesantes elementos e conxuntos naturais e patrimoniais. Saíndo de Lugo pola estrada N-640, quedará no camiño, pero deixámolos para outra rota, o monumental Castro de Viladonga co seu museo, así como moitas outras cousas dignas de coñecer nesta parte da Terra Chá.

Debemos deternos en **Meira**, e máis aínda se coincide nun domingo da concorrida feira quincenal, para coñecer, da man da competente guía da oficina de turismo, o mosteiro cisterciense de santa María, unha xoia arquitectónica do románico tardío que agora ofrece, ademais, a atractiva novidade de ter completamente recuperada a chamada Sala das Reliquias, situada tras da ábsida da igrexa e que alberga unhas pinturas do manierismo avanzado, que son case un exemplo *unicum* en Galicia cos seus retratos de santos da Orde do Císter.

Do Pedregal á terra dos ferreiros

Desde Meira, e seguindo os indicadores, subimos de seguida ao **Pedregal de Irimia**, verdadeiro nacemento do Miño, patrimonio global e lugar que sempre fai apampar pola súa forza natural e simbólica, aínda que hoxe está agredido polos voraces eucaliptos.

Seguindo a N-640 e subindo ata o Marco de Álvare, desviámonos ata a **Ferreira Vella**, a uns 11 km desde Meira e xa en terras de Riotorto, para visitar o antigo mazo recuperado ás beiras do río, onde podemos xantar (se non o fixemos antes na Casa Cazoleiro do Pedregal) no restaurante que alí funciona para completar este atractivo conxunto natural e etnográfico.

Nos dominios de Maeloc

Desde As Rodrigas, capital do concello de Riotorto, e por estradas boas pero pouco coñecidas, subimos á Cruz da Cancela e de alí baixamos ata **Bretoña**, a vella sé do bispo Maeloc, dos bretones ou britóns do século VI, se ben a igrexa actual é moito máis moderna, aínda que está chantada sobre un antigo castro do que apenas queda nada visible.

Un pouco máis adiante, un desvío á dereita (pola Grandaleza) achéganos, cunha breve andaina, ata o **Castro de Saa**, na parroquia pastoricense de Baltar, un impoñente xacemento que recorda o de Viladonga polo seu gran sistema defensivo e que agora está empezando a escavarse, comprobándose que a súa ocupación entra tamén en plena época galaico-romana.

E podemos rematar o día vendo o "outro nacemento" do Miño en **Fonmiñá**, un dos moitos alagamentos e "fontes" que ten o Miño na Terra Chá, cun breve paseo por unha coidada paraxe natural que ten unha escultura pétrea de Maxín Picallo, dedicada ao pai dos nosos ríos.

Falando da lingua O silencio

Lidia e Valentina

O silencio.

Cantas veces non hai palabra máis exacta ca o silencio. Así, caladiñas, así estamos hoxe, caladiñas polos acontecementos da vida, que é vida e hai que poñerlle o lombo, pero nunca nada doe tanto como cando deixa de ser vida... E cando é a vida do máis especial, do esencial, só o silencio... Este é un artigo de lingua e non nos queda outra máis ca facer mundo para diante e leriar; así e todo, non quita que desta volta lle teñamos que gañar a batalla ao silencio. Dóenos o corpiño todo... A nosa dor, que é abonda, pero a dor de Marta e Xosé Lois... Xiana, unha das súas rosas, rematou a súa camiñada, despois dunha longa loita. Compañeiros irimegos, todo o noso agarimo...

Emocionadas e conmocionadas, continuamos esta lingua, que desta volta ten que ser guerrilleira... Guerrilleira, si... Porque a primeira hora da mañá prendemos a radio e lévanos o demo... Oímos falar o presidente do noso país e toda esa xente que pretende que a votemos polo que din... Ai, como o din! Mete medo! Doen as orellas... Seica "non queren que se *produ**ZC**a en *ningu**N**a candidatura o que se produce noutras provincias..." Non saben que os verbos rematados en –cer (excepto ¨facer¨) e en –cir (excepto ¨dicir¨) son completamente regulares en galego e que na nosa lingua temos a riqueza do n velar... E xa non falemos de hiperenxebrismos e castelanismos (*calqueira que fale , *plantexando desde o *primer instante, *fai 10 anos...) Teríalles vido ben ler algún que outro número de *Irimia* no que se explica con sinxeleza e claridade (o que tal nos gabamos...), por exemplo, a colocación do pronome porque nos usos que fan deste, tamén mete medo... *Se pacta, *se recolle, *se establece, e *lle dá a sensación... Habemos de ir pouco a pouco nas nosas próximas citas dándolle unha volta a todas estas cuestións, a ver se, de paso que repasamos, con tanto paseo neste período electoral tropezasen cunha das nosas revistas...

O Fachineiro da minaría

Colle o diñeiro e corre

A actividade dos diversos proxectos mineiros que pretender furar Galicia dunha punta á outra ben podía resumirse no título da película de Allen que encabeza este fachineiro. Son proxectos agresivos co medio natural, velenosos para os acuíferos e incompatibles coa forma de vida das zonas que pretenden depredar. Hai uns anos era en Corcoesto; agora a de Touro-O Pino, pero hai proxectos igual de nocivos na Terra Chá, en Triacastela, na Limia, en Lousame, na comarca de Ordes... No caso da de Touro, a antiga mina abandonada leva anos envelenando os regatos da zona. E agora aínda pretenden

convencer aos veciños das bondades do novo proxecto. Pero a xente destes lugares leva anos organizándose para loitar contra grandes empresas que posúen todos os medios e algún máis. Non queda outra que apoiarse en colectivos coma o caso de contraminación.org para ter algunha posibilidade. Como dixo a activista Yayo Herrero, o medo só é paralizante se non sabes cara onde correr. Iso é o que pensaron as xentes da Casalonga, en Teo, hai uns días, cando organizaron unha andaina de 24 horas. Alí Toysal quere encher o burato da mina e convertelo nun vertedoiro. Un caso distinto; as intencións empresariais, as mesmas.

A.Q.